

Wind surf

Con frecuencia volve a min unha escena que aínda conserva o seu sentido orixinal. Van máis de trinta anos desde aquela tarde de agosto en que, desde a terraza da casa familiar do verán, situada na viguesa parroquia marítima de Coruxo, disfrutaba eu na contemplación dos simpáticos esforzos dun mozo aprendiz da difícil ximnasia do wind surf. Era esta unha modalidade deportiva que comezaba a popularizarse e que eu sentía moi afastada das miñas apetencias, malia a seguir con contraditoria envexa a traxectoria danzante daqueles navegantes ergueitos, patinadores do vento. Desde unha dobre distancia, a da miña paradóxica disposición de envexoso desdén e a dos douscentos metros que separan a casa da beira do mar da praia da Foz, vexo aínda aquela silueta quebrada en voluntariosos movementos, cos que pretende instalarse en estado de equilibrio vertical sobre unha leve táboa en cuxo centro medra un mastro de dimensións considerábeis.

A vela que, alternativamente excitada ou derrotada polas veleidades do vento, abre e pecha o seu espléndido xesto branco é a causante principal das reincidentes caídas do profano windsurfista, que non se desanima. O meu irmán Alfonso terma da lixeira embarcación para facilitar o embarque do seu amigo. Desde arriba, desde a terraza da casa de Coruxo, desde unha altura de máis de trinta anos, escoito aínda as felices gargalladas de ambos.

O mozo que inaugura, a comezos da década dos 80 do pasado século, a práctica do wind surf é un artista a quen coñezo dalgún breve encontro anterior e cuxo nome identifica xa daquela a un dos máis importantes pintores galegos desa hora: Ánxel Huete. Sorpréndeme a desconexión entre a imaxe previa que eu me fixera do coñecido creador e activo personaxe público e a deste outro home teimosamente empeñado na aprendizaxe dos seus primeiros pasos de danza marítima, modalidade deportiva que entón empareitei, inxustamente, con certa frivolidade propia da década do desencanto, aquela posición de renuncia que levou a moita xente procedente dos colectivos progresistas e antifranquistas a substituír a entrega ideolóxica polo cultivo da gastronomía ou a obsesión polas viaxes intercontinentais. Hoxe, e moi probabelmente xa daquela, cando Ánxel voltou das súas primeiras leccións de autodidacta da esixente disciplina do wind surf para beber connosco unhas cervexas no patio baixo a parra de Coruxo, desbotei a prexuzosa identificación, consecuencia da estreitez de ollada que nos coutou durante anos, que aínda enturba a luz interpretativa de bastante xente, condicionados como estabamos por unha visión do compromiso político que nos fechaba as portas abertas ao campo de actividades máis distendidas e que considerabamos propias de xente burguesa ou simplemente frívola. Pero a lembranza da sorpresa provocada polo desaxuste entre as dúas imaxes de Ánxel, que agora desenvolvo en breve disquisición analítica, só me trae unha vibración

instantánea, que non debeu ocupar na tarde daquel lonxincuo agosto máis que un par de minutos do meu tempo interior e da que seguramente me arrepentín decididamente cando souben da súa militancia no Partido Comunista.

Máis duradoira foi a impresión que me provocou o perseverante vigor daquel home na súa loita contra o vento e as ondas da praia da Foz. Cómpre confesar xa esta verdade: o protagonista da escena descrita, caracterizado como mozo desde a difusa e interesada perspectiva da presbicia dos meus sesenta e cinco anos de hoxe, desde os seus setenta, abandonara xa o territorio da mocidade. Tiña trinta e sete anos, cronolóxica ancoraxe que engadía mérito á súa aventura de destemido aprendiz. Eran, non obstante, trinta e sete anos do calendario obxectivo que non se correspondían coa súa aparencia de rapaz esguío e equilibradamente musculado, coa súa estatura firme e flexíbel, coa expresión calculadamente inxenua e sedutora da ollada e do sorriso, atributos que aínda manexa con éxito e que lle permiten parecer moito máis novo do que as cifras da súa biografía queren afirmar. Ao longo das tres décadas de amizade que nos une fun comprobando que unha moi consciente - aínda que orixinada en claves temperamentais- disposición de teimosía conforma un dos máis fortes sinais de identidade da personalidade do meu amigo. Esa necesidade de acción voluntariosa, que non cede no seu empeño fronte ás dificultades, tennos convocado con frecuencia para actividades de grupo, Ánxel como ideólogo e estratexa fundador que, unha vez en marcha o motor da acción colectiva, adoita situarse nun discreto segundo plano ou delega noutros determinadas funcións que non lle atraen.

Embestido polas bátegas do vento, polos golpes da vela ou pola inesperada creba dunha onda que ofendía a estabilidade da táboa, caía unha e outra vez. Pero volvía a erguerse, sereno, sen manifestar molestia nin sensación de fracaso, tal e como aínda adiviño desde lonxe. Desde a distancia entre a casa e a beira do mar non podía escoitar daquela, pero son quen de reconstruír hoxe, se non a literalidade si a música intencional das voces entrecruzadas entre os amigos que preparan aquela primeira práctica de navegación equilibrista: a aguilloante e reiterada, aínda que amábel, solicitude de Ánxel para que Alfonso sosteña o mastro ou un extremo da táboa, a boa disposición inicial do auxiliar, a repetida queixa tranquila do piloto fronte á ineficacia do seu axudante, o progresivo ingreso deste en estado de cansancio e tedio. E Ánxel, que insiste en vencer xa, no seu primeiro día de wind surf e armado só coa forza da súa vontade, na loita contra o exército do mar. Eu non podía escoitar o intercambio de instrucións e excusas que imaxino, pero teño hoxe a seguridade de que así se produciron. Aquel foi non só o instante inaugural da entrega do pintor á arte do wind surf senón tamén o limiar dunha longa e moi viva experiencia de amizade que me anima no atrevemento dunha reinvenção verosímil. Así é Ánxel, un ser amabelmente empeñado na solicitude de axuda e de colaboración e na minuciosa transmisión de instrucións técnicas, tácticas

e estratéxicas que tanto poden atinxir á construción dun muro, ao manexo dunha máquina navegadora ou á organización dunha plataforma de acción cultural.

Un par de meses despois das primeiras leccións de aprendizaxe autodidacta, xa ninguén ría, nin el mesmo, coas súas involuntarias reviravoltas circenses contra as escumas do mar de Coruxo.

Agora era quen de enfiar rumbo firme e veloz desde a praia da Foz en dirección ao Pincho do Gato de Samil, á illa de Toralla, cara ao horizonte de Punta Subrido ou á costa das Illas Cíes, a onde se achegou nalgunha ocasión. Subía a bordo da táboa con elegante seguridade e, inmediatamente, puña en marcha os motores do vento, que impulsaban en liña recta ou levemente quebrada a lixeira embarcación monopraza en exercicio de solitaria creatividade non moi distante dos ritmos e estratexias do artista en labores de pintura. Sobre o lenzo do mar, ocupados brazos e mans no manexo da botavara, pintaba cos pés o itinerario cambiante da súa singradura, dilatados trazos lonxitudinais interrompidos por súbitas mudanzas no rumbo do vento, pausas de calma que temperaban a vertixe da pincelada, abertas curvas de marcado perfil en obrigada rota de regreso. Esta serie de manobras propias do oficio de navegante de vela e táboa, como os movementos do pintor na labranza dos seus singulares eidos de abstracción, axustábanse á norma do azar controlado, do correxido xesto semiautomático.

Ademais de noutros cadros de comezos dos 80 que permiten adiviñar o curso da man a través do rumbo previsto, o da rotunda mancha lonxitudinal rachada en bâtegas de nordés ou vendaval e as modificacións e correccións espontáneas e rápidas, como ditadas por impulsos de rebeldía, é na serie Windsurf, dos anos 1983 e 84, onde a analoxía entre o discurso da galopada marítima e o dos seus códigos pictóricos se me fai máis evidente. O parentesco entre ambas actividades non asenta exclusivamente na conexión temática. Resulta natural que as venus surfistas imiten o exercicio deportivo do seu autor e que a súa existencia fose motivada pola experiencia do artista como practicante dese deporte. O nacemento das venus de Ánxel produciuse no mar de Coruxo e Samil a comezos dos anos 80. A ruptura de augas na matriz desa enseada non foi fontenla maina nin houbo vieira de Botticelli que recollese en amparo os fermosos corpos plenamente construídos. Foi arrebatado da nortada e as mozas surfistas viron luz repentina de mocidade aferradas xa á botavara e firmemente asentados os pés sobre a táboa.

Pero, alén da continuidade de sentido entre experiencia e realización artística, vexo nos ritmos xestuais, nos signos expresivos e na substancia da feitura da serie Windsurf traxectorias da man que semellan traer ecos dos percorridos da táboa navegante. Sinto a velocidade dificilmente controlábel do corpo arrastrado polo vento e a tensión dos brazos, que permanece na vibración dos dedos sobre o pincel. Semellante xeito de prolongación das vivencias físicas e corporais do artista nas pautas construtivas e na fórmula técnica da súa obra percibín nos poemas de

Nadador (1995), un dos libros que máis me atraen de Xavier Rodríguez Baixeras. A coincidencia do motivo vivencial e a traslación da súa dinámica ao discurso poético co proceso experimentado por Ánxel resulta sorprendente. O libro de Xavier naceu tamén no mar, sobre as ondas das praias de Nois, na mariña lucense. O poeta, destemido nadador de baño diario, foi concebindo os poemas no exercicio da súa inexcusábel ximnasia natatoria, que lle ía fornecendo materias da memoria reflexiva conforme o corpo avanzaba sobre as augas. Ademais da metamorfose dos significados marítimos da súa singradura en imaxes de poema, interesoume comprobar tamén, como na pintura de Huete, a identidade formal, de estilo e de linguaxe, entre vida e texto, que manifestei así no limiar da súa antoloxía bilingüe *Las aguas abandonadas*, de 1999: “Agora sentimos a tensión muscular dos brazos do poeta como émbolos do movemento creativo. /.../ O ben temperado ritmo de verso libre, feito á medida do brazo, concorde coa norma regularmente inconstante das ondas, alcanza en *Nadador* resultados magníficos”.

Ánxel continuou a percorrer os rumbos da ría de Vigo a bordo da táboa de artista navegante. En certa ocasión, que, desafortunadamente, non puiden testemuñar pero cuxa peripecia coñecín en relato do protagonista, dotado de moi eficaces instrumentos como narrador oral, andaba el a deslizarse espido sobre as augas próximas á praia nudista de Barra. De súpeto, un vento dobremente atravesado –lateral e pillabán- deu en desviarlle a traxectoria para alonxalo daquelas estanzas de pacífica convivencia naturista. Tentou o piloto, inutilmente, correxir a deriva e regresar á paz dos corpos ceibes de cobertura. A embarcación ía achegándose en dirección invariábel cara a outro areal próximo, ateigado de veraneantes cubertos de ortodoxo bañador, unha praia textil. Horrorizado fronte á imaxe, que xa ía semellando inevitábel, da súa provocadora irrupción de exhibicionista sen gabardina a desembarcar entre moreas de persoas vestidas, argallou rapidamente un argumento exculpatorio do tipo “non é o que parece” e que non tivo que utilizar, pois unha brisa amábel, benéfica e caritativa chegou para rescatalo e devolveo á praia de Barra, onde finalmente conseguiu acougo entre os seus conxéneres espidos.